

**NORMAS DE USO DO CORREO ELECTRÓNICO  
DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

UniversidadeVigo

Vigo  
24 de Fevereiro de 2.010

UniversidadeVigo

## Información do documento

<b>Nome do documento:</b>	Normas de uso do correo electrónico da Universidade de Vigo		
<b>Autor:</b>	Area TIC	<b>Versión:</b>	1.0

## Control de versións

Versión	Data de versión	Descrición
1.0	24/02/2010	Versión inicial

**ÍNDICE**

1. A norma..... 4

## 1. A norma

Estas normas están baseadas nas recomendadas por **Rediris** para o uso do correo electrónico (<http://www.rediris.es/mail>).

En apoio dos obxectivos fundamentais da nosa institución: ensinanza e investigación e respectando os principios de liberdade de expresión e privacidade de información, ofrécese unha serie de recursos de rede, comunicacións e de información á nosa comunidade.

**O acceso a estes recursos é un privilexio que está condicionado á aceptación da política de utilización dos mesmos.** Débese recoñecer que a calidade destes servizos depende en gran medida da responsabilidade individual dos usuarios/as.

En caso de non entender completamente algún dos apartados deste documento póñase en contacto co responsable do servizo de correo na conta de correo [postmaster@uvigo.es](mailto:postmaster@uvigo.es).

As condicións que se expoñen neste e noutros documentos poden ser actualizadas para se adaptaren a novas situacións.

Estas condicións basicamente pretenden regular o uso que se fai das contas de correo e dos servidores de correo da Universidade de Vigo. Son as seguintes:

- Os usuarios/as son completamente responsables de todas as actividades realizadas coas súas contas de acceso e coa súa caixa de correo asociada na nosa organización
- **É unha falta grave facilitar e/ou ofrece-la nosa conta e caixa de correo a persoas non autorizadas**
- Os servizos de correo electrónico subministrados pola nosa organización poden ser usados de forma incidental para temas persoais agás se:
  - Interfíren co rendemento do propio servizo
  - Interfíren nos labores propios dos xestores/as do servizo
  - Supoñen un alto custo para a nosa organización. As mensaxes de tipo persoal están suxeitas ós termos e condicións deste documento
  - Debe de ser consciente dos termos, prohibicións e prexuízos englobados no documento sobre o abuso no correo electrónico
- O correo electrónico é unha ferramenta para o intercambio de información entre persoas, **non é unha ferramenta de difusión de información**. Para iso existen outras canles máis axeitadas e efectivas, para o que debe de se poñer en contacto cos responsables do servizo
- A violación da seguridade dos sistemas e/ou da rede pode incorrer en responsabilidades civís e criminais. A nosa organización colaborará ó máximo das súas posibilidades para investigar este tipo de actos, incluíndo a cooperación coa Xustiza e corpos de seguridade
- Non é correcto enviar correo a persoas que non desexen recibilo. Se lle solicitan deter esta práctica deberá facelo. Se a nosa organización recibe queixas, denuncias ou reclamacións por estas prácticas tomaranse as medidas sancionadoras axeitadas.
- Está completamente prohibido realizar calquera dos tipos de abuso definidos no documento sobre o abuso do correo electrónico, ademais das seguintes actividades:
  - Utiliza-lo correo electrónico para calquera propósito comercial ou financeiro
  - Participar na propagación de cartas encadeadas ou participar en esquemas piramidais ou temas semellantes
  - Distribuír de xeito masivo grandes cantidades de mensaxes con contidos inapropiados para a nosa organización
  - Falsifica-las cabeceiras do correo electrónico
  - As contas da nosa organización non deben ser usadas para recoller correo de caixas doutro provedor de Internet
- Estará penalizado coa cancelación da caixa de correo o envío a foros de discusión (listas de distribución de correo) de mensaxes que comprometan a reputación da nosa organización ou violen calquera das leis españolas